

BASES

CONCURSO-DESFILE DE ADULTOS DE ENTROIDO 2025

1º.- O Concello de Marín publica as bases para participar no Concurso-Desfile de Adultos, acto principal do ENTROIDO, que se celebrará o domingo 2 de marzo de 2025. O ámbito competencial de referencia para xustificar a intervención municipal sostense na previsión contida no artigo 25.2.m) en relación á promoción da cultura e equipamentos culturais, da lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

A concentración de participantes será ás 16h na praza do Regueiro. De 16:00h a 16:45h habilitarase unha mesa de inscrición e ás 17h, iniciárase o desfile polas seguintes rúas: Praza do Regueiro, Avda. de Ourense, Praza de España, Almuiña, Jaime Janer e Concepción Arenal, rematando no Parque Eguren.

A continuación, o xurado dará a coñecer os/as gañadores/as dos premios, elixidos entre aqueles que ademais do disface transmitiran a súa lelicia, troula e ánimo propios do Entroido ao longo do percorrido.

2º.- Poderán participar todos os que se inscriban nalgunha das seguintes categorías:

- Individuais
- Parellas
- Grupos
- Comparsas

Só se poderán inscribir nunha categoría.

3º.- Contía dos premios:

PREMIOS	INDIVIDUAIS	PARELLAS	GRUPOS	COMPARSAS
1º.	150 €	250 €	900 €	1.300 €
2º.	100 €	150 €	800 €	1.000 €
3º.	75 €	125 €	700 €	700 €
4º.	---	---	600 €	600 €
5º.	---	---	500 €	500 €
6º.	---	---	400 €	400 €
7º.	---	---	300 €	300 €
8º.	---	---	200 €	200 €
9º.	---	---	150 €	---
10º.	---	---	100 €	---

4º.- As comparsas deben inscribirse a partir do martes 11.02.2025 e ata o xoves 27.02.2025, no Museo Municipal Manuel Torres, en horario de mañá de martes a domingo de 11 a 14 h e de martes a venres de 18 a 21h. **Poderán acceder a 5 axudas de 100€, se non gañaran premio ningún.**

No caso dos grupos, os que non gañaran premio poderán optar a 5 axudas de 75€.

O importe máximo dos premios a repartir será de 11.375€. O pago farase en efectivo ou cun cheque ao portador e entregarase no momento que o xurado faga pública a súa deliberación.

Para contías superiores a 300€, cando un perceptor sexa persoa física, reterase o previsto na normativa de aplicación.

5º.- Non se poderán inscribir no concurso as comparsas marinenses nin os seus compoñentes que acorden as actuacións co Concello para animación das rúas e parroquias durante o Entroido.

6º.- Nos concursos puntuarase de 0 a 5 puntos, dacordo cos seguintes criterios:

- Dificultade na elaboración do vestiario
- Vistosidade do vestiario
- Actitude
- Ritmo e animación.

7º.- Os rapaces e rapazas menores de 14 anos poderán desfilar, pero sen optar a premio neste desfile.

8º.- Estas bases estarán a disposición no Museo Torres, Concello de Marín e www.concellodemarin.es, ademais da súa difusión nos medios de comunicación.

9º.- Por razóns de seguridade non se desfilará con animais, sen previa autorización por parte da organización.

REQUISITOS PARA INSCRICIÓN COMO COMPARSA:

- Estar composta, como mínimo, por 25 compoñentes disfrazados.
- Desfilarán con música en directo, con ritmo, acompañada de coreografía (baile), durante todo o percorrido.
- Non se poderá interpretar con instrumentos eléctricos ou electrónicos, non se poderá amplificar o son mediante dispositivos eléctricos, nin reproducir música gravada. Non se entende como música tocar un instrumento (tambores, timbais, etc.) sen sentido do ritmo, nin se entende como baile ir brincando ou correndo ou que se realice de forma individual e ao libre albedrío de cada compoñente.

- O vestiario deberá ser vistoso, colorido, orixinal e acorde en todos os membros da comparsa ao motivo que representa. Non se considera como vestiario de comparsa que cada membro vista de calquera xeito, agás que o motivo representado así o esixa.
- Deberán desfilar a pé todo o percorrido un mínimo do 70% dos compoñentes.
- A documentación necesaria para inscribirse como comparsa:
 - Folla de inscrición debidamente cuberta.
 - Copia do DNI do representante da comparsa.
 - Declaración xurada de non perseguir coa actividade finalidade lucrativa.
 - Certificación de atoparse ao corrente das obrigas fiscais e Seguridade Social.
 - No caso de ser asociación rexistrada, nº de rexistro; ou no caso de non o ser, folla de firmas cuberta segundo o ANEXO I.

REQUISITOS PARA INSCRICIÓN COMO COMPARSA DE MARÍN

Para optar ao cobro sen participación en concurso, a comparsa deberá cumprir, ademais dos requisitos esixidos, o seguinte:

- Estar composta polo menos nun 60% de residentes censados en Marín, cubrindo a ficha de inscrición con nome, apelidos, data de nacemento e DNI de cada compoñente, que será presentado con antelación no Museo Torres.

As comparsas de Marín poderán acordar co concello as súas actuacións cun pagamento único por unha contía de 2.000€ se participan nos seguintes actos:

Modalidade de participación para COMPARSAS DE MARÍN		IMPORTE
1	Domingo 2 de marzo na Alameda - Mañá: música, baile e paseo	200 €
2	Domingo 2 de marzo - Tarde: desfile Marín	1.300 €
3	Domingo 23 de marzo ás 17:00h: desfile San Xulián	250 €
4	Mércores 5 de marzo: Enterro da Sardiña	250 €
Total		2.000 €

No caso de non asistir a algunha das citas, descontarase a cantidade asignada.

A contía máxima dos premios a repartir será de 6.000€, contando cun máximo de 3 comparsas marinenses. No caso de que o número de comparsas de Marín preinscritas supere o límite establecido, a Comisión de Entroido resérvase o dereito de seleccionar as comparsas participantes neste acordo.

REQUISITOS PARA INSCRICIÓN COMO GRUPO

Ademais dos esixidos na inscrición, deberá cumprir:

- Compoñerse polo menos por 3 persoas maiores de 14 anos.
- No seu conxunto, debe facer alusión a un tema concreto.
- O vestiario e demais accesorios deben representar o tema elixido.
- Poderán desfilar a pé ou en plataformas móbiles.
- Poderán ir acompañados de música ou son gravado.

REQUISITOS PARA INSCRICIÓN COMO PARELLA

Ademais dos esixidos na inscrición, deberá cumprir:

- Ámbolos disfraces deben estar relacionados cun mesmo motivo.

REQUISITOS PARA INSCRICIÓN COMO INDIVIDUAL

Ademais dos esixidos na inscrición, deberá cumprir:

- Desfilar con ledicia e troula transmitindo enerxía.

XURADO

Estará composto por representantes do Goberno local e membros do eido socio-cultural de Marín.

A Comisión do Entroido terá a facultade de **desqualificar a calquera participante** das distintas categorías, se se incumpre algunha das bases. Asemade, pode anular o pago total ou parcial a unha comparsa se non cumpre cun mínimo de membros da formación en cada actuación (non poderán faltar máis dun 10% dos/as seus/súas compoñentes) así como cumprir cuns mínimos de calidade en canto a vestiario, música, baile, carroza, etc.

CLIMATOLOXÍA

No caso de mal tempo, a Comisión poderá aprazar o desfile ou suspenderlo definitivamente.

Para máis información no Concello de Marín, Museo M. Torres (986 891 186 / museo.torres@concellodemarin.es) e na web: www.concellodemarin.es.